

PROPOSTAS PARA UN BON FUNCIONAMENTO DO CENTRO

DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

Se analisamos a linguaxe empregada no ámbito educativo (material didáctico, medios informáticos, lexislación, nomes de centros,...) desde unha **perspectiva de xénero** chegaremos á conclusión de que levamos parte do camiño andado pero que temos aínda moito por percorrer; existen multitude de alternativas que contribuirían a evitar formulacións sexistas se conseguimos entre todos e todas concienciar e sensibilizar á sociedade, procurando mellorar a nosa expresión e adecuala a unha realidade social na que a relación entre os colectivos femininos e masculinos quede patente.

Equilibrar a presenza de ambos colectivos nun centro de ensino pensamos que pode ser un bo instrumento na educación para a igualdade que permita visibilizar ás mulleres e facelas copartícipes e corresponsables; nesta liña queremos facer algunhas **propostas** que deberían ser aceptadas pola comunidade educativa e ser incluídas, se se consideran oportunas, no Proxecto Educativo de Centro (PEC).

1.- O equipo directivo dun centro debería estar integrado ao 50 % por mulleres e por homes ou que a desigualdade non superara en ningún caso o 60 % fronte a un 40 %.

2.- Deberíse garantir a **formación en temas de igualdade** dirixida ao profesorado en xeral, incluíndo o equipo directivo.

3.- Na representación do alumnado debería procurarse que nos grupos mixtos houbera unha alumna e un alumno compartindo os postos de **delegado/a** e **subdelegado/a**.

4.- Debería terse en conta o **número de alumnas e alumnos** en cada grupo e procurar equilibrar a súa presenza como algo necesario para unha boa convivencia e un bo aprendizaxe.

5.- O Departamento de Orientación debería estar formado por **profesorado de ambos sexos** e contemplar deste xeito diferentes sensibilidades.

6.- Debería contemplarse a posibilidade de nomear unha **asesora ou un asesor de igualdade** en cada centro que podería ser calquera profesora ou profesor sensibilizado por este tema, así como extender esta asesoría ás Delegacións Provinciais de Educación.

7.- Deberíamos promover a realización de **actividades deportivas** variadas e non sexistas nas horas de Educación Física, así como de **xogos cooperativos** nos centros e actividades de lecer no horario non lectivo onde se favorezan as **relacións igualitarias** entre nenos e nenos.

8.- Poderíanse organizar nos primeiros cursos de ESO actividades que fomentaran a igualdade, como a realización de **tarefas domésticas** (planchar, lavar, cociñar, limpar, coser,...) ou a aprendizaxe no coidado de familiares menores e maiores nas horas de titoría. ***

9.- Enriquecer o contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas **mulleres** no pasado e no presente. ****

10.- Implicar ós **pais e ás nais** na educación non sexista dos seus fillos e fillas colaborando cas titoras e cos titores.

* Título 2 Capítulo II Artículo 22 d) Anteproyecto de Ley Orgánica para la igualdad entre hombres y mujeres.

** Título 2 Capítulo III Artículo 102. Proyecto Ley Orgánica de Educación

*** Título 1 Capítulo I Artículo 9 c) Lei para a igualdade de mulleres e homes. Galicia.

**** Título 1 Capítulo I Artículo 9 b) Lei para a igualdade de mulleres e homes. Galicia.